



Catálogo de Servizos do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Data de actualización: maio de 2012

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia.
Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2012

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain
Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Índice

Introducción

- 1. Presentación do Observatorio**
- 2. Colectivos e ámbitos de observación**
- 3. Servizos e produtos**
- 4. Compromisos de calidade**
- 5. Datos de contacto**

Introdución

Este documento presenta dun xeito resumido os servizos que presta o **Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**, os compromisos de calidade asumidos na súa prestación e os dereitos da cidadanía en relación cos mesmos.

As necesidades e expectativas da cidadanía, empresas e Administracións Públicas son o punto de partida para a definición dos nosos compromisos, sendo a medición do seu grao de cumprimento unha tarefa fundamental no proceso de mellora continuada do OSIMGA. Todo isto, coa finalidade de achegar o Observatorio ao conxunto da sociedade, incrementando a calidade dos seus servizos e produtos.



Introducción

- 1. Presentación do Observatorio**
- 2. Colectivos e ámbitos de observación**
- 3. Servizos e produtos**
- 4. Compromisos de calidade**
- 5. Datos de contacto**

1. Presentación do Observatorio



- O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un **órgano asesor** para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nestas materias.
- O OSIMGA é un **sistema de información** para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.
- Creado e regulado polo **Decreto 21/2010** do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), o OSIMGA está adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
- As actividades do OSIMGA enmárcanse nas tarefas de xestión encomendadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

1. Presentación do Observatorio

Estrutura do OSIMGA

Como órgano asesor, o OSIMGA estrutúrase nun Pleno e en Grupos de traballo técnico



O pleno do OSIMGA aproba anualmente o seu Plan de Actividades.

1. Presentación do Observatorio

Obxectivos



- Desenvolver ou promover **compilacións, estudos e análises** de datos sobre a Sociedade da Información en Galicia
- Facilitar **análises comparativas e aliñacións** de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o **intercambio de experiencias** e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de **eventos** formativos, **reunións de expertos** ou **grupos de traballo**.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de **publicacións**.

1. Presentación do Observatorio

Obxectivos



- Xestionar e ofrecer, a través dunha **web específica**, toda a información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.
- Elaborar e presentar publicamente **informes** que reflectan o estado da situación ou a evolución prevista.
- **Facilitar datos** a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía, promovendo **liñas de actuación** que potencien a incorporación e a permanencia activa de toda a cidadanía en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a **definición de políticas públicas** na materia.

Introdución

1. Presentación do Observatorio
2. **Colectivos e ámbitos de observación**
3. Servizos e produtos
4. Compromisos de calidade
5. Datos de contacto

2. Colectivos e ámbitos de observación

	Cidadanía	Conxunto da cidadanía, con especial atención aos colectivos con maior risco de exclusión da Sociedade da información: Maiores Mulleres Persoas con discapacidade
	Sector TIC	Industria de manufacturas TIC Industriais comerciais TIC Industria de servizos TIC (Telecomunicacións, actividades informáticas,...)
	Empresas	As empresas de Galicia, con especial atención a: Micropemes Autónomos/as
	eGoberno	Administración electrónica na Xunta de Galicia Administración electrónica nas entidades locais eSanidade eEducación eXustiza

Introdución

- 1. Presentación do Observatorio**
- 2. Colectivos e ámbitos de observación**
- 3. Servizos e produtos**
- 4. Compromisos de calidade**
- 5. Datos de contacto**

3. Servizos e produtos

SERVIZOS PRESTADOS POLO OSIMGA

Servizo de información

Observacións

De carácter xeral

Temáticas

**Proxectos no marco do IV Plan Galego de Estatística:
Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de
Galicia**

Colaboracións

Servizos na web (OSIMGA 2.0)

3. Servizos e produtos

Servizo de información

O Observatorio conta cun **completo dispositivo de información e vixilancia especializada**, que facilita datos a outros organismos e entidades e estandariza os procedementos para:

- Actualizar un **conxunto de indicadores** que permitan monitorizar a evolución das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Resolver a demanda de **información concreta** sobre a Sociedade da Información en Galicia, achegando os datos precisos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.
- Promover a **colaboración e cooperación** con outros observatorios estatais, autonómicos e europeos para contrastar indicadores, compartir boas prácticas e establecer sinerxias de actuación.
- Xestionar e difundir o seu **fondo documental** en materia de Sociedade da Información.

3. Servizos e produtos

Observacións



Observacións de carácter xeral:

Estudos sobre o equipamento tecnolóxico e os servizos relacionados coa Sociedade da Información nos distintos ámbitos de observación, ofrecendo información adicional sobre o grao de converxencia e avance de Galicia co seu contorno no ámbito das novas tecnoloxías

Observacións de carácter temático:

O Observatorio elabora os seus estudos monográficos a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico, novas enquisas ou análises cualitativas co obxectivo de avaliar un ámbito específico.



3. Servizos e produtos

Proxectos no marco do Plan Galego de Estatística 2012-2016

No marco do IV Plan Galego de Estatística, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), a través do OSIMGA, é a responsable da realización das seguintes operacións e actividades estatísticas:

OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS	OBXECTIVO
Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia	Elaboración dunha serie de indicadores relevantes en materia de tecnoloxías da información e da comunicación que permitan analizar a repercusión e evolución das medidas adoptadas neste campo.
Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia	Ofrecer información sobre a calidade nos servizos públicos e o uso da administración electrónica no ámbito autonómico.
Estatística da Administración electrónica nos Concellos galegos	Ofrecer información sobre a calidade nos servizos públicos e o uso da administración electrónica no ámbito local.

ACTIVIDADES ESTATÍSTICAS
Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

3. Servizos e produtos

Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia


↘ Elaborado polo OSIMGA no marco do III Plan Galego de Estatística, figura como unha actividade estatística consolidada na Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística para o período 2012-2016 (DOG, 24 de novembro de 2011).

↘ Obxectivos:

- ↘ Presentar un conxunto de indicadores estatísticos de referencia que permitan monitorizar a evolución da Sociedade da Información e a Administración electrónica en Galicia, avaliando o estado actual e o seu grao de avance.
- ↘ Este sistema de indicadores persegue, ademais, a comparabilidade da situación de Galicia co seu contorno, aportando información de valor a través da análise dos diferentes ritmos de evolución.

3. Servizos e produtos

Colaboracións e intercambio de experiencias



O OSIMGA tamén facilita análises comparativas, promove o intercambio de experiencias e información cuantitativa e cualitativa, así como a cooperación entre as Administracións, observatorios ou entidades, públicas e privadas, profesionais e investigadores.

O Observatorio impulsa tamén a organización de eventos formativos e reunións de expertos, promovendo a elaboración de publicacións técnicas e ofrecendo a información de actualidade, as noticias, eventos e fontes de información na materia.

3. Servizos e produtos

Servizos na web: www.osimga.org

A web do OSIMGA é a principal **canle de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais** elaborados ou recompilados polo Observatorio.

O portal, realizado en código aberto e contando con avanzados criterios de accesibilidade, difunde as **últimas noticias e convocatorias** sobre a sociedade da información en Galicia e tamén permite acceder a unha escolma actualizada dos **estudos e informes** estatísticos de referencia de ámbito galego, estatal, europeo e internacional




Boletín semanal

O boletín electrónico informa semanalmente aos nosos subscritores das noticias elaboradas polo OSIMGA, acompañado dunha selección experta das experiencias e eventos de actualidade.

Osimga 2.0

O primeiro pleno do Observatorio acordou impulsar a presenza do OSIMGA nas redes sociais, ampliando os servizos e recursos de información 2.0.


- Repositorio de documentos Issuu
- Marcadores sociales Delicious
- Agregador de noticias Netvibes
- Sindicación RSS
- Twitter
- Facebook



Introdución

- 1. Presentación do Observatorio**
- 2. Colectivos e ámbitos de observación**
- 3. Servizos e produtos**
- 4. Compromisos de calidade**
- 5. Datos de contacto**

4. Compromisos de calidade



4. Compromisos de calidade



4. Compromisos de calidade

Cadro básico de indicadores de calidade con referencia ao ano 2011

- Porcentaxe de consultas contestadas en 48 horas: **95%**
- Porcentaxe de suxestións e queixas contestadas en 24 horas: **100%**
- Estudos e informes realizados: **17**
- Indicadores monitorizados: máis de **300**
- Colaboracións con outras entidades: máis de **20**
- Noticias de elaboración propia: máis de **140**
- Visitas da páxina web: máis de **35.000**
- Subscritores en liña: máis de **1.800**
- Boletíns enviados: máis de **35**

5. Datos de contacto

**Observatorio da Sociedade da Información e a
Modernización de Galicia**

Teléfono: 881999111

Fax: 881999384

Correo electrónico: info@osimga.es
www.osimga.es

O horario de atención é de 8:00 a 15:00 horas
(luns a venres)

